Vista a necesidade deste concello de realizar as obras de "MELLORA DO FIRME E SEGURIDADE VIAL EN PAPUCÍN, VITRE E OUTROS". Os obxectivos que se pretenden alcanzar coa redacción e posterior execución do PROXECTO DE MELLORA DO FIRME E SEGURIDADE VIAL EN PAPUCÍN, VITRE E OUTROS corresponden ao arranxo dos viais sitios nas seguintes parroquias do Concello de Frades:

MESOS
PAPUCÍN
ABELLÁ
GALEGOS
FRADES
VITRE
CÉLTIGOS
AÑÁ

Polo deterioro, consecuencia tanto das inclemencias meteorolóxicas como do desgaste ocasionado polo tráfico de vehículos así como a necesidade de obter accesos máis axeitados, que fan recomendable as actuacións previstas as cales redundarán en beneficio da seguridade e comodidade dos usuarios.

Esta necesidade está prevista nos Orzamentos de 2017, cun orzamento de 241.950,14 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 2017_1532. 619- Proxecto de gasto: 2017-4-MFESV-3.

Logo de ver o Proxecto denominado "MELLORA DO FIRME E SEGURIDADE VIAL EN PAPUCÍN, VITRE E OUTROS", de data maio de 2017, redactado polo enxeñeiro de camiños Don Gilberto Rodríguez Rodríguez, colexiado nº 8467, cun orzamento de execución total de 241.950,14 euros a aprobar no pleno ordinario de 9 de xuño de 2017.

Visto que este Concello non conta con medios materiais nin persoais para acometer esta obra. Dada a característica do contrato, decidiuse pola Alcaldía que o procedemento máis axeitado é o procedemento negociado sen publicidade, con invitación a cinco empresas capacitadas, para asegurar unha maior publicidade e transparencia, e varios criterios de adxudicación.

Someterase á aprobación do pleno ordinario de data 9 de xuño de 2017, o Proxecto de Obras correspondente, efectuado o reformulo e existindo a dispoñibilidade dos terreos, incorporárase o mesmo a este expediente de contratación.

Visto que por Providencia de Alcaldía de data 05/06/2017, aprobouse iniciar o expediente para a contratación referenciada motivando a necesidade e idoneidade da contratación proposta.

Visto que con data 05/06/2017 (Ref CF-66.2017) emitiuse Informe de Intervención sobre a porcentaxe que supón a contratación en relación cos recursos ordinarios do orzamento vixente, aos efectos de determinar o órgano competente para contratar.



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15686- FRADES (A Coruña)
Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79
E-Mail: correo@frades.dicoruna.es

Visto que con data 05/06/2017 (Ref CF-67.2017) emitiuse Informe por Secretaría sobre a Lexislación aplicable e o procedemento a seguir e o órgano competente para aprobar e adjudicar o contrato.

Visto que con data 05/06/2017, redactouse o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e incorporáronse ao expediente o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e o Prego de Prescricións Técnicas (que forman parte do Proxecto) que han de rexer a adjudicación do contrato.

Visto que con data 05/06/2017 realizouse polo Interventor a retención de crédito oportuna, e con data 06/06/2017 (Ref. CF-68.2017) emitiuse Informe de fiscalización no que se establecía a necesidade da autorización de Augas de Galicia e de Patrimonio antes de proceder á adjudicación definitiva.

Visto que mediante acordo do Pleno de data 9 de xuño de 2017 aprobouse o expediente e o Prego de Cláusulas Administrativas para a adjudicación do as obras consistente en “MELLORA DO FIRME E SEGURIDADE VIAL EN PAPUCÍN, VITRE E OUTROS” por procedemento negociado sen publicidade, así mesmo procedeuse a autorizar o gasto que supón a adjudicación do mesmo.

Visto que con data 19 de xuño de 2017 solicitáronse ofertas ás seguintes empresas:

CONSTRUCCIONES LÓPEZ CAO S.L.
ARIAS HERMANOS CONSTRUCCIONES S.A.
CANARGA CONSTRUCCIONES S.L.
CONSTRUCCIONES PAN Y DÍAZ S.L.
CONSTRUCCIONES ROCHA CORRAL S.L.

Visto que con data 12 de xullo de 2017 certificáronse as ofertas que constan no expediente.

Visto que con data 31/07/2017 constituíuse a Mesa de contratación, órgano competente para a valoración das ofertas, e esta, tendo en conta os aspectos negociados, realizou a favor da empresa CANARGA CONSTRUCCIONES S.L. a seguinte proposta de adjudicación: “Adjudicación provisional do contrato denominado “MELLORA DO FIRME E SEGURIDADE VIAL EN PAPUCÍN, VITRE E OUTROS” á empresa CANARGA S.L.”

Visto que se requiriu ao licitador que presento a oferta economicamente máis vantaxosa para que presentase a documentación xustificativa [a que fan referencia os artigos 146.1 e 151.2/a que fai referencia o artigo 151.2] do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, así como xustificación da constitución da garantía definitiva e, ademais, que dispón dos medios que se comprometeu a dedicar ou adscribir á execución do contrato.

Visto que con data 07/08/2017 o candidato CANARGA CONSTRUCCIONES S.L, constituíu garantía definitiva por importe de 9.997,94 euros e, logo de requirirille a subsanación de deficiencias pola Mesa de contratación celebrada o día 5 de setembro de 2017, con data 6 de setembro de 2017 (registro de entrada 2017/ 1048) presentou os documentos xustificativos esixidos.

Logo de ver o Informe de fiscalización da fase “D”- Adjudicación, no que se informa desfavorablemente emitindo reparo con efectos suspensivos por non constar no expediente a autorización de Augas de Galicia.

Visto que a obra é necesario realizala antes de que as condicións climatolóxicas non permitan executala debidamente, e logo de ver que se realizaron por esta Alcaldía as xestións necesarias para obter nun prazo non superior a un mes informe, que segundo conversacións telefónicas recentes con



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15686 - FRADES (A Coruña)
Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79
E-Mail: correo@frades.dicoruna.es

Augas de Galicia será favorable para poder acometer a obra referenciada, levantouse o reparo da intervención municipal por decreto de Alcaldía de data 6 de setembro de 2017, para proseguir coa tramitación do expediente.

Examinada a documentación que a acompaña, vistos os informes que obran no expediente, e de conformidade co establecido no artigo 151.4 e na Disposición Adicional Segunda do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro,

PROPOÑO AO PLENO DA CORPORACIÓN A ADOPCIÓN DO SEGUINTE

ACORDO:

PRIMEIRO. Adxudicar á empresa CANARGA CONSTRUCCIONES S.L, do contrato de obras de "MELLORA DO FIRME E SEGURIDADE VIAL EN PAPUCÍN, VITRE E OUTROS" , EXPEDIENTE co 2.2017, por importe de 199.958,79 euros (IVE excluído), ascendendo o importe do IVE a 41.991,35 euros, e o importe total (IVE engadido), a 241.950,14 euros.

SEGUNDO. Dispor o gasto por importe de 241.950,14 euros con cargo á partida 2017_1532. 619- Proxecto de gasto: 2017-4-MFSV-3, do orzamento vixente de gastos.

TERCEIRO. Notificar, nos termos previstos no artigo 151.4 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, a adxudicación aos candidatos que non resultaron adxudicatarios.

CUARTO. Notificar a CANARGA CONSTRUCCIONES S.L, adxudicatario do contrato, o presente acordo e citarlle para a sinatura do contrato.

QUINTO. Publicar a formalización do contrato de obras no Perfil de contratante, [e publicar anuncio no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña no prazo de corenta e oito días a contar desde a data da presente Resolución].

SEXTO. Formalizado o contrato deberase presentar polo contratista o Plan de Seguridade e Saúde da Obra axustado ao Estudo de Seguridade e Saúde [ou Estudo Básico de Seguridade] do Proxecto para a súa aprobación polo Concello previo informe do Coordinador de Seguridade e Saúde [ou Director Facultativo das Obras] e a súa posterior comunicación á autoridade laboral. Efectuado este trámite procederase á acta de reformulo e inicio da obra.

SÉTIMO. Comunicar os datos básicos do contrato ao Rexistro de Contratos do Sector Público, de conformidade co disposto no artigo 333.3 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro.

OITAVO. Remitir ao [Tribunal de Contas/ou órgano externo de fiscalización da Comunidade Autónoma] unha copia certificada do documento mediante o que se formalice o contrato, acompañada dun extracto do expediente do que se derive, sempre que a contía do contrato exceda de 600.000 euros, dentro do tres meses seguintes á formalización do contrato.>>

Intervén o concelleiro do grupo municipal do BNG Don José María Pérez Lagos que manifesta a súa conformidade coa empresa Canarga S.L. Explica que é unha empresa que traballa ben aínda que fixo un aglomerado un pouco estreito. Entende que a Mesa de Contratación elixiu ao candidato máis axeitado que presentou a oferta máis vantaxosa para o Concello.



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15686.- FRADES (A Coruña)
Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79
E-Mail: correo@frades.dicoruna.es

Tras as deliberacións correspondentes, o Pleno por maioría absoluta, con oito votos a favor dos concelleiros/as do grupo municipal do PP e tres abstencións dos/as concelleiros/as do grupo municipal do BNG ACORDA por maioría absoluta aprobar a proposta da Alcaldía nos seus mesmos termos“

6.-DITAME APROBACIÓN DEFINITIVA CONTA XERAL 2016.-

O Alcalde- Presidente procede a dar lectura ao ditame da Comisión Informativa Especial de Contas de data 1 de setembro de 2017 co teor literal seguinte:

<<Considerando formada a Conta Xeral do exercicio 2016, xunto con toda a súa documentación anexa, segundo a lexislación vixente.

Considerando ditame desta comisión emitido o día 14-7-2017.

Considerando que esta foi exposta ao público para que se puidesen presentar reclamacións, reparos ou observacións, e que non se presentaron segundo consta no certificado de Secretaría do día 28-8-2017.

*Unha vez realizada a tramitación legalmente establecida, a Comisión Especial, por 5 votos ponderados a favor dos concelleiros do grupo municipal do PP e 2 abstencións dos/as concelleiros/as do grupo municipal do BNG, proponlle ao Pleno do Concello o seguinte **ACORDO***

PRIMEIRO. Que se informe favorable en relación co expediente de aprobación da Conta Xeral 2016, ratificándose sobre o ditame de data 14-7-2017.

SEGUNDO. Que se remita a Conta Xeral aprobada, xunto con toda a documentación que a integra, á fiscalización do Tribunal de Contas (e ao órgano autonómico), tal e como se establece no artigo 212.3 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e, en cumprimento dos mandatos da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, e demais normativa concordante, ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.>>

Tralas deliberacións oportunas o Alcalde- Presidente somete o ditame a votación nos seus mesmos termos resultando a aprobación do contido literal do ditame por maioría absoluta con oito votos a favor dos/as concelleiros/as do grupo municipal do PP e con tres abstencións dos/as concelleiros/as do grupo municipal do BNG.

7- DITAME APROBACIÓN PROVISIONAL DA DOCUMENTACIÓN MODIFICADA POLO REDACTOR DO PXOM PARA SUBSANACIÓN DE DEFICIENCIAS E CONSIDERACIÓN REQUIRIDAS POLA DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO DA XUNTA DE GALICIA A EFECTOS DA APROBACIÓN DEFINITIVA DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE FRADES.-

O Alcalde- Presidente procede a dar lectura ao ditame da Comisión Informativa Especial do PXOM de data 30 de agosto de 2017 co teor literal seguinte:



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15686- FRADES (A Coruña)
Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79
E-Mail: correo@frades.dicoruna.es

<< Visto o ditame da Comisión do Plan Xeral de Ordenación Municipal celebrada o día 9 de agosto de 2017:

<< 1 Análise e consideracións referentes á Resolución da Consellería de Medio Ambiente contemplada na Orde do 10 de xullo de 2017 sobre a aprobación definitiva do Plan de Ordenación Municipal do Concello de Frades.

O Presidente da Comisión Don Roberto Rey Martínez procede a dar conta do escrito recibido con data 13 de xullo de 2017 e Rexistro de Entrada número 820 da Dirección xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo sobre a aprobación definitiva do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Frades.

En dita notificación requíreselle ó Concello diversos documentos modificados para emendar as deficiencias sinaladas.

O Técnico redactor do PXOM, Don José Isidro López Yáñez asiste como invitado e procede a explicar os puntos nos que a Consellería esixe modificacións:

1.- Límite do Instituto Xeográfico Nacional: o término municipal debe axustarse ao límite oficial do Instituto Xeográfico Nacional.

2.- Clasificación e determinación do solo:

Deberanse revisar as clasificación e determinación do solo en en cuestións de calculo de consolidación, crecemento impropio e fusión de núcleos nas zonas de:

- Solo Urbano.
- Solo Urbanizable.
- Solo de núcleo rural.

3.- Cuestións documentais: subsanación de deficiencias detectadas na información documental.

Tras as deliberacións oportunas, a Comisión Informativa do Plan Xeral de Ordenación Urbana, encarga o Técnico Redactor do PXOM, que proceda a elaborar os documentos de subsanación de deficiencias.>>

Considerando presentada neste Concello a documentación modificada polo redactor do PXOM para subsanación de deficiencias e consideracións requiridas pola Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo da Xunta de Galicia a efectos de aprobación definitiva do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Frades, denominada “ Documento de aprobación definitiva”, de data agosto de 2017 e composta por tres tomos.

Tralas deliberacións oportunas e explicacións técnicas das modificacións e correccións realizadas por Don Isidro López Yáñez, técnico redactor do PXOM, esta Comisión Informativa do PXOM por unanimidade, ditamina favorablemente e propónlle ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte

ACORDO



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15686 - FRADES (A Coruña)
Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79
E-Mail: correo@frades.dicoruna.es

1.- Primeiro Que se aprobe provisionalmente a documentación modificada polo redactor do PXOM para subsanación de deficiencias e consideracións requiridas pola Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo da Xunta de Galicia a efectos de aprobación definitiva do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Frades, denominada “Documento de aprobación definitiva”, de data agosto de 2017 e composta por tres tomos.

2.- Segundo Unha vez dilixenciada a documentación, que se traslade o expediente á consellaría competente en materia de urbanismo e ordenación do territorio, co fin de que resolva sobre a súa aprobación definitiva.>>

Tralas deliberacións oportunas o Alcalde- Presidente somete o ditame a votación resultando a aprobación do contido literal do ditame nos seus mesmos termos por unanimidade.

8.- MOCIÓNS.-

O Alcalde- Presidente somete a seguinte moción a votación para a súa inclusión na orde do día polo seu carácter urxente:

MOCIÓN CASAS NIÑO EN RELACIÓN AO PAN (PROGRAMA DE APOIO Á NATALIDADE)

O Pleno, por unanimidade ACORDA incluír a moción na orde do día da sesión.

A continuación o Alcalde explica que en Frades existe outra proposta de Casa Niño, o que é interesante porque en Frades hai 50 nenos e nenas de 0 a 3 anos que a necesitan.

A concelleira do grupo municipal do BNG, Dona Nelly Iglesias Rey pregunta por que dende o Concello se puxeron trabas para poder proceder á apertura da primeira Casa Niño.

O Alcalde toma a palabra e procede a explicar que sempre se lle deron facilidades, pero cando chegou a solicitude do Informe de habitabilidade <<tivemos que estudar tecnicamente o dito Informe>>.

O Alcalde explica que <<Dende o Concello sempre se considerou que o máis lóxico para facer o criterio de selección dos usuarios é que, por un lado, houbera un período de inscrición, e logo se seleccionase atendendo a parámetros de renda, favorecendo ás familias con rendas máis baixas. Ademais tamén consideramos que se debería haber feito unha publicidade máis extensa que chegase a tódalas familias e que a mellor forma sería a través dos servizos sociais do Concello como posteriormente se recomendou dende a Consellería de Política Social>>

Intervén o concelleiro do grupo municipal do BNG, Don José María Pérez Lagos para dicir <<Vin o anuncio da apertura dunha nova casa niño no taboleiro. Pero teño que dicir que das 30 casas niño a única que tivo problemas foi a de Frades. Co tema dos usuarios estou de acordo coas rendas baixas, pero a conciliación é para a xente traballadora. Se se pode conseguir outra Casa Niño, os meus parabéns, son 5 rapaces por Casa Niño>>

A Secretaria pide a palabra. O Alcalde concédelle a palabra e explica que <<En ningún momento se puxeron trabas administrativas dende o Concello, porén os servizos técnicos tiñan que emitir un Informe de habitabilidade e se necesitaba tempo para a redacción do mesmo. A Lei concede un prazo



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15686 - FRADES (A Coruña)
Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79
E-Mail: correo@frades.dicoruna.es

para emisión de Informes, porque hai que inspeccionar o lugar, neste caso unha vivenda, e verificar que se compren os requisitos correspondentes. Non se pode emitir Informe dun día para outro sen facer as comprobacións previas necesarias para a súa emisión. A arquitecta quería asegurarse de que a vivenda cumpría coas condicións de habitabilidade, porque se trata dunha casa niño con usuarios de cero a tres anos. E todo iso tendo en conta que se descoñecía o grao de participación do Concello no procedemento porque non había un claro procedemento delimitado dende a Consellería de Política Social. A única participación do Concello era a emisión do Informe de habitabilidade.>>

A continuación, o voceiro do grupo municipal do PP, Don Manuel Ferreiro Marzoa procede á lectura da moción, co teor literal seguinte:

<< *O voceiro/concelleiro do Partido Popular, Manuel Ferreiro Marzoa abaixo asinante, en nome propio e no do grupo municipal do PP, presenta ao Pleno, para o seu debate e aprobación se procede, a seguinte*

MOCIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A despoboación, o envellecemento e mesmo a dispersión da poboación que afecta a boa parte da nosa Comunidade Autónoma é un problema que é preciso afrontar dende un plan de actuación multidisciplinar e transversal.

O obxectivo principal pasa por fixar ó territorio a poboación existente e atraer novas familias, a ser posible con nenos, a ese territorio, nomeadamente naqueles puntos da nosa comunidade autónoma máis afectados por esta situación (o medio rural en xeral e particularmente as comarcas do interior e de montaña), que permitan asegurar o futuro e o preciso relevo xeracional.

Logralo depende de que sexamos capaces de ofrecer alternativas económicas viables para manter aos mozos nesas zonas, así como infraestruturas e servizos acordes cos tempos.

Neste contexto as casas niño representan un dos recursos incluído na área de conciliación do Programa de Apoio á Natalidade (PAN) que está a desenvolver a Consellería de Política Social.

A súa aplicación, efectuada por primeira vez o pasado ano, permitiu a creación de 30 casas niño, noutros tantos concellos galegos de menos de 5.000 habitantes, que non dispoñían de ningún outro recurso de atención continuada á infancia.

Supuxo, polo tanto, poñer a disposición das familias 150 novas prazas de atención continuada para cativos de entre 0 a 3 anos nos municipios que máis o precisan, os que se atopan no medio rural.

As casas niño son, polas características establecidas na orde que as regula, un servizo de atención integral e personalizada, adaptado non só ás necesidades reais dos nenos senón tamén ao das súas familias e, ademais, totalmente gratuíto.

É, en consecuencia, unha ferramenta idónea para cubrir as necesidades de conciliación das familia; que favorece a equidade no acceso aos servizos con independencia do lugar de residencia; fomenta o reequilibrio territorial; impulsa e apoia as fórmulas de autoemprego e de economía social, eficaces para a dinamización económica local e, consecuentemente, para a fixación de poboación ao territorio; pon en valor cualificacións maiormente posuídas polas mulleres, o que favorece o seu



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15686 - FRADES (A Coruña)
Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79
E-Mail: correo@frades.dicoruna.es

acceso ao mercado laboral e contribúe tanto a promocionar a igualdade entre mulleres e homes como a frear o declive demográfico.

Entendemos, en definitiva, que as casas niño é un modelo axeitado para fomentar e facilitar a fixación de poboación no medio rural ao permitir a todas as familias galegas compatibilizar a súa vida laboral, familiar e persoal.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal do Partido Popular solicita do Pleno da corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

- 1. Instar á Xunta de Galicia a consolidar o recurso das casas niño para que, no ano 2020, todos os concellos de Galicia podan dispoñer de recursos de conciliación.*
- 2. Dar traslado do presente acordo ao Conselleiro de Política Social da Xunta de Galicia e aos portavoces dos grupos do Parlamento de Galicia.>>*

A continuación, procédese á votación. Por unanimidade o Pleno da Corporación acorda aprobar a moción presentada por Don Manuel Ferreiro Marzoa, voceiro do grupo municipal do PP, nos seus mesmos termos.

9.- INFORMES DA ALCALDÍA.-

- ACTIVIDADES DE VERÁN. Repartíuse o folleto correspondente.
- DESBROCE PISTAS. Informa o voceiro do grupo municipal do PP Don Manuel Ferreiro Marzoa.
- SUBVENCIÓN AGRUPACIÓN PROTECCIÓN CIVIL ORDES-FRADES. Solicitouse á Xunta de Galicia un todoterreo (pick up). Con esta axuda a Agrupación incrementa o equipamento de emerxencias. No ano 2016 xa se subvencionara un carrito con material de emerxencias.
- OBRADOIRO EMPREGO ORDES-FRADES II. Concedido pola Consellería de Industria e Emprego. Componse por 20 alumnos, 8 de Fraides e 12 de Ordes. Todavía non chegou a Resolución Oficial.
- PLAN ÚNICO CONCELLOS. Están en proceso de contratación os expedientes: CO 3.2017 “Camiño Quintán a Vila (Abellá) e outros” e CO 4.2017 “Camiño Casal (Vitre) a Ponte Raselo e outros”.
- TUBAXE LEDOIRA. Lugar As Quintas. A Carretera estará cortada unha semana. Haberá que facer a substitución de dous de 60 por unha de 1,5 diámetro.



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15686 - FRADES (A Coruña)
Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79
E-Mail: correo@frades.dicoruna.es

- PONTE AUGASANTAS-RÍO MARUZO. Asinado o Convenio. Está en proceso de contratación.
- OBRAS MANTEMENTO COLEXIO. Fíxose a limpeza de tódolos tellados e reparacións dos cumios que estaban soltos. Cortáronse as tullas do patio interior e rematouse a cuberta de acceso ao pavillón para que os nenos e nenas podan cruzar do colexio ao instituto da ESO sen mollarse.

9.- ROGOS E PREGUNTAS.-

A concelleira do grupo municipal do BNG, Dona Nelly Iglesias Rey pregunta se houbo algún problema con Pilates. O Alcalde responde que non.

A concelleira do grupo municipal do BNG, Dona Nelly Iglesias Rey pregunta se hai problemas con internet na zona da Ponte. O Alcalde responde que houbo queixas pola Cooperativa e polos negocios da zona. Os técnicos dixeron que lle cambiaron unha pieza e en principio debería xa funcionar. Estas queixas leváronse como punto á Xunta de Goberno Local celebrada o 29 de agosto de 2017, e notificáronse a Movistar para que ofrecese unha solución.

O concelleiro do grupo municipal do BNG Don José María Pérez Lagos roga que parece ser que na Igrexia de Céltigos non hai auga. A ver se se lle pode dar algunha saída. O alcalde responde que está falado con Espina y Delfín para levar unha toma.

O concelleiro do grupo municipal do BNG Don José María Pérez Lagos pregunta quen limpou este ano a Igrexa de Vitre. O Alcalde responde que os do PEIM, encargados do Concello.

O concelleiro do grupo municipal do BNG Don José María Pérez Lagos roga sinalización para os veciños de Vitre. O Alcalde di que o solicitaros por teléfono non por escrito e se está estudando o tema.

O concelleiro do grupo municipal do BNG Don José María Pérez Lagos pregunta se o técnico Don Javier Noya é contratado. O Alcalde responde que o técnico é becario por un programa da FEGAMP. Para substituír a Mónica contratamos mediante contrato menor a Estudio Técnico Gallego, que nos proporciona a Menchu. O becario pode axudar pero non pode asinar.

O concelleiro do grupo municipal do BNG Don José María Pérez Lagos solicita unha copia do PXOM e o Padrón do Lixo. O Alcalde responde que falarase co técnico correspondente para que volo podan proporcionar.

Dado que non hai máis asuntos de que tratar na Sesión de hoxe, o Sr. Alcalde- Presidente levanta a sesión cando son as 15:32 horas, no lugar e data indicados, coa sinatura do Alcalde-Presidente e da Secretaria- Interventora que dá fe.

Vº. e Pr
O ALCALDE

A SECRETARIA



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15686 - FRADES (A Coruña)

Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79
E-Mail: correo@frades.dicoruna.es

Asdo.: Roberto Rey Martínez

AsdoCarmen Gómez Otero.